

PROVIDENCIA DE INICIO

Serie documental: S0321 – Expediente de contratación de persoal
N. Expediente: 305/2024
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto: Selección de persoal auxiliar administrativo de SS. SS. 2024

Páxina | 1

Visto o informe proposta de contratación de persoal auxiliar administrativo presentado polo departamento de Servizos Sociais municipal.

Visto que concorren os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Á vista do anterior,

DISPOÑO:

1. Incócese expediente para a elaboración das bases que rexerán o procedemento de selección de persoal laboral temporal por concurso-oposición (auxiliar administrativo).
2. O contrato a formalizar levarase a cabo a nas seguintes condicións:
Modelo contrato: 502 (por circunstancias da produción)
Xornada: 50%
Duración: 6 meses
3. Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e demais documentación complementaria prevista na Lei.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

